

Guía rápida

Admisión FP 2024-2025

FP Básica



FP Básica

Pode solicitar a admisión en FP básica

- »» O alumnado de escolarización obrigatoria procedente de:
 - Segundo de ESO proposto polo centro educativo para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
 - Terceiro ou cuarto de ESO que solicite por petición propia, xunto cos seus pais, nais ou persoas titoras, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico.
- »» O alumnado que repita o primeiro curso e o que se promova ou repita o segundo curso dun ciclo formativo de grao básico.
- »» O alumnado de escolarización non obrigatoria que, cumprindo os requisitos legalmente establecidos, desexe incorporarse a estas ensinanzas.

Requisitos de acceso

Idade de escolarización obrigatoria

- »» Ter feitos os 15 anos ou facelos durante o ano natural en curso.
- »» Ter cursado o terceiro curso ou, excepcionalmente e a criterio do equipo docente e o responsable da orientación no centro, o segundo curso de ESO.
- »» Ser obxecto de proposta ou solicitar por petición propia, xunto cos pais, as nais ou persoas titoras legais, a incorporación a un ciclo formativo de grao básico.

Idade de escolarización non obrigatoria

- »» Que fagan 17, 18, 19 ou 20 anos no ano de inicio do ciclo formativo, con independencia de que estivesen ou non escolarizadas no curso escolar anterior.
- »» Que non estean en posesión dun título de formación profesional nin de ningún outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos.

Incorporación de alumnado de escolarización obrigatoria

Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de terceiro ou cuarto de ESO

Deberá facer a solicitude no centro de orixe directamente no prazo de presentación de solicitudes establecido.

O centro facilitará a información e a documentación necesaria, e asesorará este alumnado no proceso de realización da solicitude.

Alumnado de escolarización obrigatoria procedente de segundo de ESO

O equipo docente, xunto co xefe/a do departamento de orientación, realizarán unha reunión na que se establecerá unha relación inicial de alumnado susceptible de se incorporar ás ensinanzas de FP básica, que será asinada por todos eles.

Esta reunión deberá realizarse antes do 14 de xuño.

Prazos de solicitude



24 xuño desde as 9 h



ata o 4 xullo ás 13 h



Solicitudes

Idade de escolarización obrigatoria

- » Será o centro de orixe o encargado de recoller e cargar os datos da solicitude de admisión e matrícula.
- » Na aplicación faranse constar catro ciclos de grao básico por orde de preferencia.
- » Da aplicación descargárase dous resgardos de solicitude, que deben ser asinados pola persoa solicitante.⁽¹⁾

Idade de escolarización non obrigatoria

- » O centro educativo de destino cargará directamente na aplicación as solicitudes do alumnado de escolarización non obrigatoria e fará entrega do resgardo de presentación da solicitude á persoa interesada nos mesmos prazos e co mesmo procedemento que para o alumnado de escolarización obrigatoria.

⁽¹⁾ Se esta é menor de idade, ademais deberá ser asinado por calquera das persoas titulares da patria potestade ou representantes legais.

Consulta de información

Para a consulta da situación pódese usar:




- DOI e o código da solicitude.
- Usuario e contrasinal de edu.xunta.gal
- Chave 365 .
- Certificado dixital.

Toda a **información** do proceso de admisión pódese atopar en






[ciclosadmission \(xunta.gal\)](https://ciclosadmission.xunta.gal)

Resolución provisional

-  O día **8 de xullo** poderase consultar a **resolución provisional**.
-  De atoparse algún erro os centros terán ata o día 11 de xullo ás 14:00 horas para realizar as emendas que sexan necesarias.
-  O prazo de **reclamacións** é desde o **día 8 ás 9:00 horas** ata o **11 de xullo ás 13:00 horas**.



Resolución definitiva

-  O día **23 de xullo** poderase consultar de xeito individualizado a información da resolución definitiva.
-  Os solicitantes poderán presentar desde o día **23 ata o día 31 de xullo**, ante a dirección dos centros públicos ou ante quen exerza a titularidade dos centros privados, a correspondente **reclamación**.
-  Pódese consultar a resolución na ligazón [Ciclosadmisión](#)

Caso de repetir ou promocionar

Primeiro curso

- »» O alumnado que repita primeiro curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, presentará a solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro en que estivese matriculado no curso previo.
- »» Os prazos son os mesmos que para o alumnado de nova incorporación.

Alumnado con promoción ou que repita segundo curso

- »» O alumnado que acade promoción a segundo curso, no mesmo centro e ciclo, ou que repita segundo curso, por primeira vez no mesmo centro e ciclo, presentará a solicitude de admisión e matrícula no mesmo centro que no curso previo.
- »» Os prazos son os mesmos que para o alumnado de nova incorporación.